

1. Líder BASKET



SEMANA GRANDE

Lugo é o epicentro do baloncesto nacional coa disputa do Campeonato de España infantil masculino, no que se citan as mellores canteiras do baloncesto español e europeo. O Pazo dos Deportes e o Pavillón Municipal, en Lugo, e o Pavillón do Novo Chanto en Sarria son as tres sedes



O Campionato de España infantil masculino deu comezo o domingo

AS MELLORES CANTEIRAS DE TODO O PAÍS enchen de baloncesto a provincia ao longo de toda esta semana. Estudantes, o representante lucense, perdeu dun só punto no seu debut na competición

A data estaba marcada no calendario para o baloncesto da provincia, este domingo 9 de xuño subiuse o telón e deu comezo o Campionato de España infantil masculino, no que as mellores canteiras do país se reúnen nas cidades de Lugo e Sarria para loitar polo título nacional.

O pavillón do Novo Chanto de Sarria, o Pazo dos Deportes e o pavillón Municipal de Lugo son as sedes nas que se disputarán un total de 64 partidos ao longo de toda esta competición, que rematará o vindeiro sábado, día 15, coa final que se xogará no Pazo dos Deportes a partir das 12:30 da mañá.

O Pavillón Municipal acolleu ante o encontro inaugural correspondente ao grupo A, que xogaron ás 9:30 o Eliminao Benidorm contra o San Agustín Transportes Cuellar de Valladolid, con vitoria para o conxunto castelán por 58-67. Á mesma hora comezaba tamén a xornada no Pazo, co partido entre Loiola Indautxu e UCAM Murcia do Grupo D, no que estes últimos fixéronse co triunfo por 54-79.

Ao longo da primeira xornada

xogáronse un total de 16 encontros, entre os que destacou a vitoria do campión das últimas catro edicións, o Real Madrid, ante Basket Zaragoza por 53-86. O conxunto branco é, sen dúbida, un dos rivais a evitar nas eliminatorias que darán comezo mañá.

Estudiantes Leyma, que representa á provincia neste campionato, tivo un comezo amargo tras perder por un só punto ante o conxunto extremeño, Guadalupe, 65-66. Logo de dous primeiros cuartos nos que os visitantes foron superiores e se impuxeron por 14-21 e 14-20, tralo descanso os de Ángel Riobóo fóronse atopando máis cómodos ata chegar a remontar 12 puntos nos últimos 10 minutos cun parcial de 24-12, pese a que foi insuficiente para forzar a prórroga. Tres xogadores celestes alcanzaron os dobres díxitos neste encontro: Joel López anotou 15 puntos por 13 de Manuel Ruano e 11 de Diego Serguei.

Ao peche desta edición o conxunto lucense atopábase disputando o segundo encontro da fase de grupos contra o Azulejos Moncayo de Zaragoza.

64

ENCUNTROS

Repartidos entre as sedes de Sarria e Lugo xogáranse ao longo de toda esta semana. A final terá lugar o vindeiro sábado, día 15

32

EQUIPOS

As mellores canteiras de España citanse na provincia na loita por un título que os últimos catro anos tivo o mesmo dono, o Real Madrid

65-66

ESTUDIANTES

debutou na competición o pasado domingo cunha derrota por un só punto ante o conxunto extremeño Guadalupe



Estudiantes Lugo no seu encontro de debut ante Guadalupe



A afección de San Agustín Valladolid celebrando a vitoria



GRUPO G | Estudiantes Lugo – Guadalupe



GRUPO G | Estudiantes Lugo – Guadalupe



GRUPO E | Enrique Soler – Movistar Estudiantes



GRUPO E | Alkazar – CB Torrelavega



GRUPO A | B. Zaragoza – Real Madrid



GRUPO A | Benidorm – San Agustín

RESULTADOS FASE DE GRUPOS - 1ª e 2ª XORNADA

GRUPO A

	58-67	
BENIDORM		SAN AGUSTÍN
	53-86	
B. ZARAGOZA		R. MADRID

GRUPO E

	41-50	
ALKASAR		TORRELAVEGA
	22-62	
E. SOLER		M. ESTUDIANTES

OITAVOS SARRIA - PAZO

4ª XORNADA Mércores 12 de xuño
10:30h | 12:20h | 17:30h | 19:30h

GRUPO	PARTIDO
A	1ªA - 3ªD
B	2ªC - 1ªH
C	2ªB - 1ªE
D	1ªD - 3ªA
E	1ªC - 3ªB
F	2ªA - 1ªF
G	2ªD - 1ªG
H	1ªB - 3ªC

GRUPO A

	65-84	
SAN AGUSTÍN		B. ZARAGOZA
	25-76	
BENIDORM		R. MADRID

GRUPO E

	87-42	
TORRELAVEGA		E. SOLER
	---	
ALKASAR		M. ESTUDIANTES

GRUPO B

	70-55	
B. LEONES		R. BETIS
	86-79	
VALENCIA B.		JOVENTUT

GRUPO F

	53-86	
LARRAONA		FUENLABRADA
	44-66	
CRIPTANA		ROSALIA C.

GRUPO B

	---	
R. BETIS		VALENCIA B.
	---	
B. LEONES		JOVENTUT

GRUPO F

	---	
CRIPTANA		FUENLABRADA
	---	
ROSALIA C.		LARRAONA

GRUPO C

	84-68	
UNICAJA		CANARIAS SLB
	68-81	
SALLE PALMA		BARÇA LASSA

GRUPO G

	65-66	
ESTUDIANTES L.		GUADALUPE
	75-24	
G. CANARIA		CB ZARAGOZA

CUARTOS SARRIA

5ª XORNADA Xoves 13 de xuño
10:30h | 12:20h | 17:30h | 19:30h

GRUPO	PARTIDO
I	VENC. A - VENC. B
J	VENC. C - VENC. D
K	VENC. E - VENC. F
L	VENC. G - VENC. H

GRUPO C

	74-64	
BARÇA LASSA		UNICAJA
	95-45	
SALLE PALMA		CANARIAS SLB

GRUPO G

	---	
CB ZARAGOZA		ESTUDIANTES L.
	---	
G. CANARIA		GUADALUPE

GRUPO D

	54-79	
L. INDAUTXU		UCAM MURCIA
	56-85	
SANT JOSEP		SALLE LAGUNA

GRUPO H

	71-70	
BAHÍA S. AGUSTIN		EASO
	63-65	
B. CORUÑA		OVIEDO

GRUPO D

	60-51	
UCAM MURCIA		SANT JOSEP
	65-85	
L. INDAUTXU		SALLE LAGUNA

GRUPO H

	68-89	
EASO		B. CORUÑA
	---	
BAHÍA S. AGUSTIN		OVIEDO

HORARIOS EN SARRIA (fase grupos)

GRUPO D 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
10:30h CB SANT JOSEP - L. INDAUTXU
12:30h LA SALLE LAGUNA - UCAM MURCIA

GRUPO F 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
17:30h CB FUENLABRADA - ROSALIA CASTRO
19:30h LARRAONA - CRIPTANA

SEMIFINAIS PAZO

6ª XORNADA Venres 14 de xuño
17:30h | 19:30h
GRUPO PARTIDO
M VENCEDOR I - VENCEDOR J
N VENCEDOR K - VENCEDOR L

HORARIOS NO P. MUNICIPAL (fase grupos)

GRUPO C 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
09:30h CANARIAS SLB - BARÇA LASSA
11:30h UNICAJA - LA SALLE PALMA

GRUPO H 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
13:30h B. CORUÑA - BAHIA SAN AGUSTIN
16:00h OVIEDO - EASO

GRUPO B 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
18:00h VALENCIA B. - B. LEÓN
20:00h JOVENTUT - REAL BETIS

FINAL PAZO

7ª XORNADA Sábado 15 de xuño
HORA PARTIDO
12:30 VENCEDOR M - VENCEDOR N

HORARIOS NO PAZO (fase grupos)



GRUPO A 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
09:30h B. ZARAGOZA - BENIDORM
11:30h REAL MADRID - SAN AGUSTÍN

GRUPO E 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
13:30h ENRIQUE SOLER - ALKASAR
16:00h M. ESTUDIANTES - CB TORRELAVEGA

GRUPO G 3ª XORNADA Hoxe 11 de xuño
18:00h ESTUDIANTES - GRAN CANARIA
20:00h GUADALUPE - CB ZARAGOZA



Memoria da temporada 20



Unha temporada máis, Líder Basket acompañou aos equipos lucenses de base durante o curso 2018-2019. Desde outubro, cando Estudiantes júnior masculino deu o pistoletazo de saída a temporada coroándose como campión da Copa Galicia, seguimos a actualidade dos equipos lucenses tanto nas competicións provinciais como galegas, poñendo en valor o deporte de base e o traballo que os clubs realizan na formación das novas xeracións de xogadores e xogadoras.

As portadas desta temporada resaltaron os logros e as ilusións que concentraron os esforzos dos

deportistas de toda a provincia desde as concentracións de base ata as competicións provinciais e galegas, pasando por momentos de tensión e mais polos triunfos e derrotas dos equipos lucenses ao longo da temporada.

O triunfo do Celso Burela no campionato de Segunda División das últimas alevíns lucense, a sobresaída dos Maristas na Liga

2018-2019 a carón da base



das as categorías. tracións de Bab- participación dos nos campiónatos por todas as ligas egas con repre- ipos da provincia neos e campiona- ue os xogadores e es estiveron pre- a temporada.

as Martínez Otero onato galego de Minibasket, unha ías do baloncesto inte temporada de Galega Preinfantil.

o debut do CB Sarria na Liga Galega Minibasket, os encontros clave da temporada para Estudiantes e Ensino nas competicións galegas, os triunfos da extraordinaria fornada de cadetes e júnior do CB Ribadeo ou todas as campioas e campións provinciais foron protagonistas das primeiras páxinas do Lider Basket durante os últimos nove meses. O nome propio da temporada foi o de Zeltia Présas, que recibiu o premio a mellor xogadora do ano na última edición da gala de Premios Lider ao baloncesto lucense coa que tamén, un ano máis, se deu eco ao deporte provincial de base.

31

NÚMEROS DE LÍDER

Cada martes, desde o 9 de outubro, publicáronse 31 números do suplemento Lider Basket, que deu conta dos logros e ilusións dos equipos de base, de babybasket a júnior, tanto nas competicións provinciais como galegas. Zeltia Présas, MVP 2018-2019, converteuse no nome propio da temporada na gala dos Premios Lider ao baloncesto base.





Cristino Menor - Director Técnico del Campus

CAMPUS BASKET

ENTREENOS

SAN CIPRIÁN

San Ciprián - Lugo - Galicia
Del 30 de Junio al 6 de Julio

Para chic@s del
2002 al 2009
(ambos incluidos)

www.campusbasketsanciprian.com

Organiza



Patrocina



Colabora



Carreiras



As campioas despiden a temporada en Ferrol

O ARO FÍXOSE PEQUENO para as xogadoras do CB Burela, que non puideron repetir o resultado da ida ante Baxi Ferrol

66		32	
BAXI FERROL		CB BURELA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Salazar		Sofía	8
Dominguez		Sandra	2
García		Cecilia	8
Pérez		Lucía S.	4
Pico		Lucía P	2
Pose		Iria	4
Peña		Noa	2
Dopico			
López			
Díaz			
Beade			
Bouza			

“Gracias a todas las jugadoras por haber podido disfrutar con ellas de esta gran temporada”

MADAR CB Burela

O Academia A Mariña CB Burela pechou a temporada en Ferrol cun partido sen nada en xogo no clasificatorio, no que se impuxo a maior motivación das locais.

Este empuxe notouse xa desde o inicio do partido, no que Baxi Ferrol empezou a marcar as diferenzas cun primeiro parcial de 24-6.

A tónica mantívose tamén no segundo período no que ampliaron a diferenza deixando practicamente sentenciado o encontro cun parcial de 21-8.

O aro fíxose moi pequeno para as burelãs, que remataron a primeira metade con só 12 puntos e que non conseguirían reverter o balance na

segunda con outros 20 puntos, para un total de 32, o rexistro máis baixo dos partidos disputados na competición.

Na segunda metade, o ritmo do encontro baixou. As ferrolãs fixéronse co terceiro cuarto, 10-6 e o Burela quedou por riba no derradeiro, 10-11.

Así, o Baxi Ferrol, ao que venceran no encontro de ida en Vista Alegre (56-49), quedou desta volta coa vitoria no pavillón de Esteiro.

O Academia A Mariña CB Burela remata a Fase de Ascenso a Liga Galega infantil con tres vitorias en seis partidos, que non foron suficientes para loitar polo premio final, pero



Sara Predeira nunha acción de ataque na pista do Anexo

que demostraron a capacidade das burelãs para manter esa meta no horizonte do equipo.

As de Madar clasificáronse para disputar o ascenso á máxima categoría infantil tras quedar campioas provinciais.

As burelãs venceron ao Ensino Lugo na eliminatoria que decidiu o título

lucense medindo ás primeiras e segundas clasificadas da liga regular.

O equipo da Mariña venceu ás ensinistas, que quedaron primeiras, nun partido a dobre volta.

A remuda semella ademais garantida, xa que o equipo alevín tamén quedou campión provincial na súa categoría.



Rubén Engroba dá instrucións aos seus xogadores

Fin a un curso soñado

SAGRADO estivo por riba das expectativas da tempada

88	50		
CALASANCÍAS	SAGRADO		
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Dopazo		Pau	2
Fernández		Antón	2
Suárez		Julian	35
Prado		Jorge	
Cubilla		Yishak	
Couceiro		Gabriel	6
Fandiño		Carlos	6

Calasancias foi o derradeiro rival de Sagrado Corazón nunha temporada sobresainente. Os capitalinos non puideron poñerlle o broche desexado, xa que os coruñeses foron mellores en Riazor.

As baixas supuxeron unha semana máis un hándicap para os de Rubén Engroba, que afrontaron o encontro con sete xogadores e coa destacada baixa de Pablo, unha das revelacións da temporada. A falta de rotacións penalizou aos lucenses que, sen embargo, se mantiveron no encontro con Julián como principal baluarte en ataque, con 35 puntos. Calasancias aproveitou a súa superioridade

“No fuimos en las mejores condiciones al no poder cambiar el partido, pero en el global de los 28 encuentros, temporada de 10”

RUBÉN ENGROBA Sagrado

física para facerse forte nas zonas e apuntarse todos os parciais. No derradeiro, víronse os mellores minutos cara a canastra dos de Rubén Engroba.

Os capitalinos pechan a a temporada satisfeitos polo nivel amosado nunha competición na que, a comezos de ano, non se agardaba por eles. Os de Rubén Engroba gañáronse a praza tras seren campións da Liga provincial con 21 vitorias en 22 partidos cun impecable treito final de competición no que aguantaron a presión de defender o liderado.

Sarria e Ribadeo despiden a tempada

O CLUB DO CHANTO celebrou o final de curso cunha cena multitudinaria, mentres que os da Mariña pecharon a campaña cun partido no que participaron as nais da Escola



Imaxe da multitudinaria cena de fin de curso do CB Sarria

O CB Sarria celebrou o fin de temporada cunha cea que reuniu unhas 300 persoas entre directivos, xogadores, adestradores, patrocinadores e familias dos trece equipos do club, que este ano viviu fitos históricos como o debut na Liga Galega alevín masculina. Tamén con motivos de celebración, como a gran temporada de cadetes e júnior feminino, o CB Ribadeo pechou o curso cun partido entre xogadores e “alumnas” da novidosa Escola de Nais.



O CB Ribadeo tamén pechou a temporada esta fin de semana



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

CLUB POLIDEPORTIVO

Maristas Lugo

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NO CLUB CAPITALINO. Todos os nenos e nenas que se queiran iniciar en calquera das catro seccións están invitados

O Clube Polideportivo Maristas Lugo crece ano a ano tanto en número de xogadores coma a nivel estrutural. As súas catro seccións: baloncesto, fútbol sala, atletismo e sofbol destacaron este ano polo incremento en número de practican-tes, así coma polos seus resultados deportivos nas diferentes competicións nas que compiten cada semana a nivel provincial ou autonómico.

A sección de baloncesto é a xoia da coroa e leva dous anos consecutivos con dous equipos na Primeira División, sendo un dos poucos clubes da provincia que cumpre este requisito. Esta temporada que remata estiveron a piques de ser campións galegos en Preinfantil e xogaron unha gran liga galega en minis tendo un equipo íntegro de primeiro ano. Ademais contou cun equipo premini e un grupo de babybasket que realizaron grandes avances. Para o ano será o terceiro consecutivo no que inscribirán dous equipos en liga galega, o mini e infantil masculinos.

Xornada portas abertas

Esta semana organizan xornadas de portas abertas en todas as modalidades:

Baloncesto:

martes de 16 a 17 h no colexio (anos 2011 a 2014 inclusive)
mércores de 16 a 17h no colexio (anos 2007 a 2010)

Atletismo:

xoves de 16 a 17h pistas atletismo Ciudad Cultural (anos 2005 a 2008)

Fútbol Sala :

martes de 16 a 17 h no colexio (anos 2009 a 2010 inclusive)
mércores de 16 a 17h no colexio (anos 2011 a 2012)
xoves: 16 a 17 h no colexio (anos 2012 a 2013)

Inscripcións vindeira tempada

A videira temporada os adestramentos empezarán o 15 de setembro ata 15 de xuño, ampliando nun mes a duración dos mesmos respecto a este ano. Xa está aberto o prazo para preinscripción para a vindeira temporada en tódalas modalidades. A inscrición é aberta para todos os nenos e nenas que así o desexen, non sendo requisito estar matriculado no propio colexio. Durante todo o mes de xuño na portería do colexio podese facer ademais de solicitar información de tarifas, horarios etc... Tamén se habilita o correo:

clubpolideportivomaristaslugo@gmail.com



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

